



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Requirimento documentación aos candidatos preseleccionado. Programa PEL-CONCELLOS 2024, da Deputación da Coruña 2024

**Núm. Admvo. Expte:** 2024/E001/000001

**Expte. Decreto Núm.:** 2024/G003/000330

Visto o expediente que se tramita para a selección de 4 postos de peóns, durante 5 meses, persoal laboral temporal, ao abeiro da subvención concedida polo programa PEL-CONCELLOS 2024 da Deputación da Coruña.

Vista que por Resolución de Alcaldía núm. 243/2024, de data 08/04/2024, se aprobaron as bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns durante 5 meses, Programa PEL-Concellos 2024 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 293/2024, de data 25/04/2024 se aprobou a lista definitiva de persoas admitidas a esta convocatoria.

Vista a proposta do tribunal cualificador reunido do día 30/04/2024 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este concurso-oposición , na que propón ao sr. Alcalde designar a M<sup>a</sup> Luz Castro Rodríguez, Antonio Álvarez Valiña, Carmen Estrella Gómez Blanco e Dulzura Vidal Miñones como peóns deste Concello de Laxe, Programa PEL-CONCELLOS 2024, propoñendo así mesmo elaborar unha lista de reserva. A dita acta publicouse na sede electrónica deste concello na mesma data, dispoñendo dun prazo de 1 día hábil para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello.

Visto que durante o período de alegacións, non se presentaron alegacións.

Esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Aprobar a proposta de nomeamento do tribunal cualificador respecto das seguintes persoas aspirantes como peóns/peoas dentro do Programa PEL-CONCELLOS 2024, da Deputación Provincial da Coruña:

APELIDOS E NOME	DNI
Castro Rodríguez, M <sup>a</sup> Luz	*** 6955 **
Álvarez Valiña, Antonio	*** 6576 **
Gómez Blanco, Carmen Estrella	*** 2585 **
Vidal Miñones, Dulzura	*** 5955 **

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**SEGUNDO.** Aprobar a lista de reserva pola orde de puntuación acadada no proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI
De Pinho Dias, Miguel Alberto	*** 3163**
Bellón Beizana, Álex	*** 2635**
Durán Alborés, Rosa	*** 6458**
Mira Castro, Francisco Javier	*** 9936**
Novo Iglesias, José Luís	*** 2966**

**TERCEIRO.** Outorgar un prazo de 5 días hábiles a partir da publicación desta resolución para que as persoas candidatas propostas xustifiquen que reúnen os requisitos esixidos na Base 4ª desta convocatoria, conforme ao establecido na cláusula duodécima das bases de selección.

**CUARTO.** Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os aspirantes propostos non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

**QUINTO.** Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste concello.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,  
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,  
Asdo. Begoña Carrasco García